

SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA
E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA

Coléxio de San Xerome • Praza do Obradoiro, s/n.
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 563 100, exts. 11017/11023/11107/11133

Os plans de estudo contemplan o mecanismo de adaptación/validación entre os plans vellos e os de nova implantación.

As táboas contemplan a adaptación de materia a materia sen ter en conta a estrutura cíclica dos plans vellos nin reformados. Non obstante hai elementos comúns que posibilitaría este recoñecemento entre ciclos, como: a) Os plans de estudo elaborados a partir da Lei Xeral de Educación que recoñecían entre eles a adaptación do primeiro ciclo, o igual que o recoñecen os plans reformados. b) Nos plans reformados as únicas identidades que poden ter os primeiros ciclos dos plans de estudo conducentes á mesma titulación son as materias troncais, no resto das materias os plans quedan suxectos ó que cada universidade dispoña. c) Os primeiros ciclos dos plans de estudo (vellos e reformados) comprenden ensinanzas básicas e de formación xeral.

A este respecto tense dictada Resolución de adaptación de data 25 de xaneiro de 2000 de diferentes titulacións, non contemplándose a adaptación dos primeiros ciclos referente os estudos da Facultade de Xeografía e Historia (Plan 1973) correspondentes as titulación de Xeografía, Historia e Historia da Arte (Plan 2000).

Con data 11 de xaneiro de 2005 a Dirección do Centro solicita que, os alumnos que teñan cursado o primeiro ciclo completo da titulación de Xeografía e Historia (Plan 1973) poidan acceder directamente ao segundo ciclo de calquera das titulacións de Xeografía, Historia e Historia da Arte (Plan 2000).

O abeiro de todo isto, as Normas de Xestión Académica establecen a posibilidade da adaptación íntegra do primeiro ciclo do plan vello polo primeiro ciclo do plan renovado, previo informe favorable dos centros.

Polo tanto e segundo o informe do centro

RESOLVO


Primeiro- Adaptar o Primeiro ciclo completo da titulación de Xeografía e Historia do plan vello (1973) polo primeiro ciclo de calquera das titulacións de Xeografía, Historia e Historia da Arte do (Plan do 2000). Esta adaptación deberá realizarse consonte estea regulamentado nas Normas de Xestión Académica.

Segundo- Esta opción non é incompatible coa adaptación materia por materia segundo figura na táboa de adaptacións, sendo os alumnos os que elixan o tipo de adaptación.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2005

*O Vicerreitor de Organización Académica
E Profesorado*

P.D. de 11 de xullo de 2003 (DOG do 18 de agosto)



Cástor Méndez Paz

Sr. Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xera, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sr. Decano da Facultade de Xeografía e Historia, Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sra. Xefa da Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento, Sr. Director do OIU Sr. Director dos Servizos Informáticos, Rexistro